

23/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos do día dezasete de outubro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS: 28.08.2019 (17/2019), 12.09.2019 (19/2019) E 25.09.2019 (20/2019).

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a aprobación das actas das sesións realizadas os días 28.08.2019, 12.09.2019 e 25.09.2019. Algo entorno a algunha delas?. As sometemos a votación de forma diferenciada, de todas formas. Bueno pois sometemos a votación a do 28.08.2019, votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 28.08.2019 (17/2019).

Sra. Alcaldesa: A do 12.09.2019, votos a favor, abstencións.

E o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 4 PP, 3 PSOE, 1 BNG), e coa abstención do concelleiro D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 12.09.2019 (19/2019).

Sra. Alcaldesa: E a do 25.09.2019, votos a favor, abstencións.

E o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 4 PP, 3 PSOE, 1 BNG), e coa abstención do concelleiro D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 25.09.2019 (20/2019).

Sra. Alcaldesa: E damos conta da sesión da convocatoria para o 10.09.2019 (18/2019), foi substituída por dilixencia de non celebración.

OBSERVACIÓN: A sesión convocada para o día 10.09.2019 (18/2019) non se celebrou por non poder asistir o secretario da corporación e non estar nomeado/a secretario/a substituto/a.

2.- ELECCIÓN XERAIS NOVEMBRO 2019: SORTEO DOS MEMBROS MESAS ELECTORAIS.

Sra. Alcaldesa: E o segundo punto da orde do día sería Eleccións Xerais novembro 2019: sorteo dos membros das mesas electorais.

Sr. Secretario: Bueno, comentar que, xa sabemos todos que se vai celebrar o sorteo para a elección dos membros das mesas das eleccións de novembro. Para ser membros das mesas hai que ser maior de idade, menor de 70 anos, e os maiores de 65 poderanse escusar se sae algún, e o programa para Presidente, pois elixe o que teña bacharelato superior ou FP2. Subsidiariamente, se nesa mesa non houbera ninguén pois Graduado Escolar ou equivalente, e o nº máximo de suplentes que admite o programa que son nove, para non ter que facer sorteos cando hai escusas.

A fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 26 das Normas Electorais vixentes e cumpridas todas as formalidades legais establecidas, polo Concello Pleno procédese á formación das Mesas Electorais, así como á lista suplementaria de suplentes, en número de nove suplentes por cargo, que é o número máximo que posibilita o programa informático do sorteo facilitado polo INE, que quedan integradas polas persoas e para os cargos que se relacionan no respectivo expediente.

Sra. Alcaldesa: Se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as oito horas e cincuenta minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA,